

# **PETICIÓN DE DATOS e PROPOSTAS DA CIG-TELEFÓNICA SOBRE CADRO DE PERSOAL E ACTIVIDADE NA GALIZA**

## **ANTECEDENTES:**

1º- A Sección Sindical da CIG Telefónica considera unha reivindicación sentida e asumida polo cadro de persoal o dereito ao emprego na localidade de residencia, por ser este un dos aspectos fundamentais do “Emprego en Telefónica”; este dereito está directamente ligado a viabilidade estrutural das unidades e centros de traballo da Telefónica que se manteñan e instalen na Galiza.

2º- Diante da realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüística do mercado das telecomunicacións no Estado Español, así como da condición da Galiza como nacionalidade histórica e a administración autonómica existente, consideramos necesario reforzar a estrutura empresarial de Telefónica no territorio autonómico Galego, por razóns de xestión empresarial e de Responsabilidade Social Corporativa.

3º- A cantidade de “Emprego en Telefónica” existente na Galiza amosaba en 2008 un déficit de 280 empregos, se consideramos a poboación da Galiza, o 6% da do Estado Español, agravado desde a entrada en vigor do presente convenio cunha redución de 50 empregos, cando deberan terse ampliado en 30 máis, segundo os compromisos asinados durante a negociación do mesmo.

4º- Asemade, a centralización da actividade e do persoal de dirección foi acompañada da centralización das relacións laborais, ata o punto de inutilizar aos servizos de “recursos humanos” na Galiza, incapaces de responder mesmo a xestións sindicais tan elementais como peticións de datos do cadro de persoal ou previsións de actividade no exercicio en curso.

5º- A Confederación Intersindical Galega ten, conforme a Normativa Legal vixente no Estado Español, a condición de Sindicato Máis Representativo.

## ***En consecuencia, facémolle á Dirección de Telefónica de España as seguintes PETICIÓN DE DATOS E PROPOSTAS:***

1º- Datos do cadro de persoal existente na actualidade e á data de inicio de vixencia do presente Convenio Colectivo -01/01/2008-, na Comunidade Autónoma Galega e no Estado Español, co seguinte pormenor:

- Persoal dentro e fora de Convenio, Cargos e Mandos intermedios.
- Pirámide de idades do plantel.
- Masa salarial aplicada, no ámbito da comunidade autónoma.
- Previsión de evolución do plantel e das unidades de traballo na Galiza.

2º- Descentralización dos procesos de selección de persoal e inclusión do idioma Galego, oficial na Galiza, entre os criterios de selección de persoal.

3º- Recuperación do déficit de plantilla, mediante a incorporación de 360 empregos na Galiza.

4º- Nomeamento dun representante da Dirección de Telefónica de España, S.A., como interlocutor válido para as relacións laborais na Comunidade Autónoma da Galiza.

GALIZA, 07/03/2010.

**A/A DE D. GUILLERMO ANSALDO, PRESIDENTE DE TELEFÓNICA ESPAÑA.**